

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A
CELEBRACIÓN DE XANTAR, 18º SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO
GASTRONÓMICO**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. Juan Carlos Parada Rúa, actuando en nome e representación da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), na súa cualidade de vicepresidente primeiro executivo da entidade, segundo se desprende do artigo 12 dos Estatutos da fundación, visto o certificado emitido pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial á que a súa denominación e fins se contraen, entre os cales se sinalan a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais e calquera outra

que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica contribuíndo á mellora do nivel de vida do medio urbano e rural. O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é un evento organizado en exclusividade por Expourense para a promoción e fomento da actividade económica do sector turístico, que pola súa importancia está posicionado como un evento de prestixio no panorama peninsular.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é unha feira que chega á súa 18ª edición do 1 ao 5 de febreiro de 2017 e que congrega a milleiros de persoas, transformando o recinto de Expourense nun gran centro de restauración.

Ademais da promoción da gastronomía, Xantar é tamén o punto de encontro dos recursos turísticos das rexións participantes no salón. Sen saír do recinto feiral, o visitante pode coñecer os atractivos naturais, arquitectónicos, históricos e, por suposto, enogastronómicos, dos distintos puntos xeográficos promovidos por organismos públicos (concellos, deputacións, padroados de turismo, etc...) que acoden a esta cita procedentes de toda España e Portugal.

Tanto para profesionais como para público xeral organízanse actividades como conferencias, presentacións, showcooking, exposicións de arte, obradoiros didácticos, cursos de cata e degustacións, entre outras moitas.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia entende que é de interese público para o turismo de Galicia a participación neste evento, xa que a gastronomía está posicionada como un dos reclamos turísticos máis importantes, polo que considera necesaria a celebración dun convenio

de colaboración para a realización da 18ª edición de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, para o fomento e promoción turística de Galicia.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Expourense para a celebración da 18ª edición de Xantar Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se levará a cabo na cidade de Ourense do 1 ao 5 de febreiro de 2017, para promover o coñecemento da gastronomía galega como un dos elementos esenciais do desenvolvemento turístico de Galicia.

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 60.750,00€ (IVE excluído) que se distribúen do seguinte xeito:

MONTAXE (sets medios de comunicación, degustacións festas gastronómicas, festas interés turístico, etc...)	19.750,00€
SERVIZOS (limpeza, seguridade, azafatas, fotógrafo, vixilancia,)	10.000,00€
MISIÓN DE PRENSA	6.000,00€
DISEÑO IMAXE, DOSSIERES, LIBRO, DIPTICOS, CARTEIS,...	13.000,00€
PROMOCIÓN (Feiras, Presentacións, Publicidade,...)	12.000,00€
TOTAL GASTOS	60.750,00€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 23.164,00€, a contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, EXPOURENSE.

Esta achega queda sometida ao réxime de *minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.743.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017, a favor de Expourense unha vez que esta entidade achegue a documentación xustificativa disposta na cláusula quinta.-

Terceira.- Compromisos das partes

1. Expourense queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- 
- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
 - Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
 - Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
 - Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
 - Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter
- 

pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei."

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 23.164,00€. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.743.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir a Fundación no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que a Fundación achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Persoal

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas

que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. Expouse que será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e contera con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación **xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, **con indicación** das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica **xustificativa** do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos **gastos e investimentos** da actividade, con identificación do acredor e do documento, o **seu importe**, **data de emisión** e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento de *minimis*).

- Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, Expourense deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos

cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. Expourense quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido Expourense, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2017**.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, Expourense deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no

orçamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de xuño de 2017.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola Fundación, o cal deberá ser acreditato por esta coa xustificación do convenio.

Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50%, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas.

Para proceder ao seu pagamento, Expourense deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Expourense está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.



Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado por Expourense e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdividas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

Décimo segunda.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo cuarta.- Vixencia e tramitación anticipada

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de xuño de 2017.

A concesión da axuda queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do convenio, conforme ao establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que regula a tramitación anticipada dos expedientes de subvencións.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

Pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense

EXPOURENSE

O vicepresidente primeiro

Juan Carlos Parada Rúa

